



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Por medio da presente poño no seu coñecemento que a Sra. Alcaldesa-Presidenta, con data 29/11/2021 11:38:00, ditou o decreto que literalmente lle transcribo:

ASUNTO: ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS NO CONCELLO DE BETANZOS 2022: APROBACIÓN DAS PROPOSTAS

EXPEDIENTE: 2021/X999/001341 e 2021/G003/001556

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Este Concello ten intención de introducir no Orzamento de 2022 a participación cidadá e conquistar deste modo uns orzamentos participativos.

SEGUNDO. Consta no expediente un protocolo para regular o procedemento dos orzamentos participativos.

TERCEIRO. En data 21.10.2021 o Concello aprobou este protocolo e o publicou para que se presenten as achegas oportunas por parte da cidadanía.

CUARTO. Consta o informe técnico de viabilidade.

QUINTO. O decreto 1370/2021 aproba as propostas viables dos orzamentos participativos para o ano 2022.

SEXTO. Unha vez rematado o prazo para a votación das propostas viables procédese á súa contabilización e comprobación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 162 ao 171 e 193.bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- As Regras 55 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

CONSIDERACIÓNS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

PRIMEIRA. O Concello de Betanzos elaborou un protocolo para a elaboración dos elementos participativos para regular o proceso de participación da cidadanía na xestión do municipio, a través da realización de propostas para decidir o destino de parte dos recursos municipais.

O obxectivo principal dos orzamentos participativos é a participación directa da cidadanía no proceso de elaboración dos Orzamentos Municipais anuais, co fin de priorizar as principais demandas e preocupacións dos veciños e veciñas en materia de investimentos públicos, incluílos no orzamento anual da cidade e facer un seguimento dos compromisos alcanzados.

Mediante os orzamentos participativos establécese unha priorización das demandas e necesidades dos veciños e veciñas nos investimentos públicos do Concello, favorecendo o debate, a reflexión e a solidariedade.

Este proxecto de regulamento regulador permite a implementación dos Orzamentos Participativos do Concello de Betanzos en base a tres alicerces:

Democracia
Transparencia
Participación

Trátase dun protocolo autorregulable na súa elaboración e aplicación, vinculante e revisable anualmente.

1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

O obxecto deste protocolo é regular o proceso de realización dos orzamentos participativos no municipio de Betanzos.

2.- Contía

A contía destinada ao proceso de Orzamentos Participativos será a que anualmente se contemple nos orzamentos municipais.

Para o ano 2022, a contía consignada e supeditada á aprobación definitiva dos orzamentos municipais é de 100.000 euros. Esta cantidade destinarase a investimentos en obras ou adquisición de equipamentos que se decidirán en base á viabilidade técnica das propostas presentadas e aos apoios recibidos da cidadanía.

3.- Participación.

Poderán presentar propostas as persoas maiores de 16 anos empadroadas en Betanzos.

A presentación de propostas poderá facerse a título individual ou en representación dunha entidade, nese caso será responsabilidade do proponente acreditar a representatividade que ostente.

Cada persoa ou entidade poderá presentar unha proposta.

4.- As propostas

As propostas formuladas deben cumprir os seguintes requisitos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Ser legal: Debe constituír un feito legal e ser competencia do Concello de Betanzos.

Ser un investimento: Os orzamentos participativos limítanse a un dos capítulos do orzamento municipal, o dos investimentos. Este Capítulo VI comprende basicamente gastos destinados á creación de infraestruturas ou adquisición de equipamentos.

Ser concreta: As propostas deben ser concretas, deixando claro o obxecto da mesma, lugar, finalidade da mesma, etc.

Adaptarse ao orzamento: É necesario que o custo estimado da proposta non sobrepase o orzamento dispoñible.

O custo das propostas presentadas deberá situarse nun gasto inferior á cantidade que figure para ese fin nos orzamentos municipais, non sendo necesario facer propostas polo importe íntegro destinado aos orzamentos participativos, senón que é aconsellable presentar proxectos de gasto máis reducidos.

En todo caso, se a proposta seleccionada non cubre a totalidade da partida orzamentaria, o sobranse destinarase ás seguintes propostas elixidas, sempre e cando sexa viable a súa execución, ata esgotar o orzamento de 100.000 euros.

Todas as propostas que sexan viables, independentemente do seu orzamento, serán sometidas en condicións de igualdade á elección dos cidadáns mediante o proceso de votación establecido.

SEGUNDA. De acordo co informe técnico que constaba no expediente:

ANTECEDENTES:

As bases dos Orzamentos Participativos, publicadas na páxina web do concello, recollían que “para o ano 2022, a contía consignada e supeditada á aprobación definitiva dos orzamentos municipais é de 100.000 euros... As propostas formuladas deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser legal, debe constituír un feito legal e ser competencia do Concello de Betanzos.
- Ser un investimento: Os orzamentos participativos limítanse a un dos capítulos do orzamento municipal, o dos investimentos. Este Capítulo VI comprende basicamente gastos destinados á creación de infraestruturas ou adquisición de equipamentos.
- Ser concreta: As propostas deben ser concretas, deixando claro o obxecto da mesma, lugar, finalidade, etc”.

ANÁLISE DAS PROPOSTAS PRESENTADAS:

Como resultado dos "Orzamentos Participativos", exposto na web municipal presentáronse 22 peticións, resultando as seguintes propostas sobre as cales se procede a facer a conseguinte análise técnica:

1.-Creación espacio de ejercicio físico “Crosfit” “Calistenia”.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Presentáronse 3 peticións nas que se solicita a creación dun parque de calistenia, solicitándose nunha delas que o mesmo sexa cuberto, con solo de seguridade e iluminación. Sinálanse en dúas delas as posibles ubicacións do parque, entorno do Paseo Ramón Beade e zona do velódromo.

A zona do velódromo atópase dentro do contorno de protección do Parque do Pasatempo, declarado polo Consello da Xunta, ben de interese cultural, Decreto 23/2020, de 6 de febreiro (DOG núm.35 do 20/02/2020 e BOE núm.162 do 09/06/2020).

A zona do Paseo Ramón Beade atópase no primeiro tramo dentro do contorno de protección da Casa da Rega e da Fábrica da electricidade de A Ponte Nova, incluídas por resolución da Consellería de Cultura e Turismo do 05/11/2018 no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.229 do 30/11/2018 e DOG núm.242 do 20/12/2018 respectivamente).

Esta actuación deberá contar con todos os informes sectoriais correspondentes en función do seu emprazamento

2.-Mellora camiño da Veiga.

Limpeza de cunetas e noiros e reforzo e asfaltado do camiño desde a zona da Ponte Vella ata o límite co concello de Paderne, e a variante que ten o camiño na súa parte norte e que comunica coa estrada provincial CP-0905.

A actuación solicitada corresponde a unha vía de titularidade municipal que deberá estar sometida ao réxime de autorizacións correspondentes co seu emprazamento.

No tramo do camiño preto da zona da Ponte Vella habería que levar a cabo a mellora das infraestruturas polo que a actuación estaría condicionada ao límite da contía consignada.

3.-Renovación pavimento e infraestruturas da rúa Quiroga.

A proposta presentada consiste na renovación do pavimento da rúa Quiroga e do Pasillo Cervantes, mellorando as infraestruturas e a mobilidade na mesma.

O importe de esta actuación supera a contía consignada para os orzamentos participativos.

4.-Saneamento na Condomiña.

O investimento proposto consiste na renovación da rede de saneamento na rúa Condomiña, sinalándose os problemas de filtracións á altura dos números 54 e 56.

O ámbito da actuación podería quedar limitado polo gasto máximo fixado, xa que hai un tramo do camiño no que tamén sería necesario cambiar a tubaxe de abastecemento ao ser ésta de fibrocemento. Deberá contar cos informes sectoriais correspondentes en función do ámbito de actuación.

5.-Arranxo rúa Nosa Señora do Camiño. Cambio de pavimento.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

O importe de esta actuación supera sin dúbida a contía consignada para os orzamentos participativos. Ademais a mellora do pavimento da rúa debe ir acompañada dunha renovación de todos os servizos municipais existentes e contar coa autorización previa da Consellería de Cultura ao atoparse a mesma no trazado do Camiño de Santiago Inglés aprobado por Decreto 110/2014.

6.-Carril bici.

Presentáronse dúas propostas nas que se solicita a creación dun carril bici, unha delas presentouse fora de prazo.

A proposta presentada en prazo consiste na execución dun carril bici pola periferia do núcleo urbano e principais avenidas do pobo, concretando as vías nas que se propón o trazado do mesmo (Av. Fraga Iribarne, Av. da Coruña, Malecón, Porto, Valdoncel, Av. Irmáns García Naveira, Av. Linares Rivas e Rua Ferradores).

Varias das rúas nas que se propón a execución do carril bici non son de titularidade municipal.

7.-Pista de salto de lonxitude e pista de lanzamentos.

A proposta deste investimento consiste na execución dunha pista de salto de lonxitude e una pista de lanzamentos para o club de atletismo de Betanzos. Non se concreta o emprazamento.

8.-Elevación de pasos de peóns e valado do Cantón Claudino Pita.

Propónse a elevación de pasos de peóns na Praza Irmáns García Naveira, Avda Jesús García Naveira e rúa Emilio Romay.

A proposta do investimento afecta a un tramo da N-VI de titularidade estatal.

9.-Mantemento das fontes municipais.

Non é obxecto dos Orzamentos Participativos, xa que non se trata dun investimento.

10.-Reforzo de limpeza, máquinas baldeadoras.

Non é obxecto dos Orzamentos Participativos, xa que non se trata dun investimento.

11.-Adquisición das ruínas da antiga fábrica de curtidos da Magdalena para á súa posterior posta en valor.

Non se dispón da información suficiente para a valoración do investimento.

12.-Mellora do campo de fútbol do Carregal.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

A proposta presentada consiste na construción dun cerramento acristalado na zona superior do graderío, a instalación de banquetes homologados, a execución dun teito na entrada do campo, a reparación e pintado dos muros e portóns, ampliación das redes existentes, formigonado do perímetro do campo de fútbol e a construción de vestiarios femininos.

O obxecto do investimento referido correspóndese con actuacións sobre un ben de titularidade municipal. A actuación estaría limitada polo gasto máximo fixado.

13.-Mellora do Parque Infantil do Pasatempo.

O investimento propón a substitución de estruturas de xogos en mal estado. O investimento estaría condicionado pola contía do investimento e as autorizacións sectoriais correspondentes.

14.-Creación doutra pista cuberta como a da Avda do Carregal.

O importe de esta actuación supera sen dúbida a contía consignada para os orzamentos participativos. Non se concreta o emprazamento.

15.-Cuberta lixeira sobre o parque infantil do Pasatempo.

O Parque do Pasatempo foi declarado polo Consello da Xunta de Galicia, ben de interese cultural, Decreto 23/2020, de 6 de febreiro (DOG núm.35 do 20/02/2020 e BOE núm.162 do 09/06/2020), o cal condiciona a posible solución que se adopte, supoñendo a actuación un investimento superior á contía consignada para os orzamentos participativos.

16.-Seguridade peonil nas Angustias.

O investimento proposto consiste na execución de beirarrúas ao longo da estrada N-VI ata As Angustias completando as existentes, e a instalación dun semáforo con paso de peóns.

A titularidade da estrada non é municipal, é competencia do Ministerio de Fomento.

17.-Parque para cans.

Proposta presentada fora de prazo.

18.-Acondicionamento parcela para aparcamento.

Proposta presentada fora de prazo.

19.-Adecantar zona das Minas e facer pista cuberta.

A proposta non é nada concreta. O investimento para a realización dunha pista cuberta supera a contía consignada para os orzamentos participativos. Non se concreta actuación nin emprazamento



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

TERCEIRO. Por todo o indicado as propostas que teñen viabilidade serán as seguintes:

1.-Creación espacio de ejercicio físico “Crosfit” “Calistenia”.

Presentáronse 3 peticións nas que se solicita a creación dun parque de calistenia, solicitándose nunha delas que o mesmo sexa cuberto, con solo de seguridade e iluminación. Sinálanse en dúas delas as posibles ubicacións do parque, entorno do Paseo Ramón Beade e zona do velódromo.

A zona do velódromo atópase dentro do contorno de protección do Parque do Pasatempo, declarado polo Consello da Xunta, ben de interese cultural, Decreto 23/2020, de 6 de febreiro (DOG núm.35 do 20/02/2020 e BOE núm.162 do 09/06/2020).

A zona do Paseo Ramón Beade atópase no primeiro tramo dentro do contorno de protección da Casa da Rega e da Fábrica da electricidade de A Ponte Nova, incluídas por resolución da Consellería de Cultura e Turismo do 05/11/2018 no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.229 do 30/11/2018 e DOG núm.242 do 20/12/2018 respectivamente).

Esta actuación deberá contar con todos os informes sectoriais correspondentes en función do seu emprazamento

2.-Mellora camiño da Veiga.

Limpeza de cunetas e noiros e reforzo e asfaltado do camiño desde a zona da Ponte Vella ata o límite co concello de Paderne, e a variante que ten o camiño na súa parte norte e que comunica coa estrada provincial CP-0905.

A actuación solicitada corresponde a unha vía de titularidade municipal que deberá estar sometida ao réxime de autorizacións correspondentes co seu emprazamento.

No tramo do camiño preto da zona da Ponte Vella habería que levar a cabo a mellora das infraestruturas polo que a actuación estaría condicionada ao límite da contía consignada.

3.-Saneamento na Condomiña.

O investimento proposto consiste na renovación da rede de saneamento na rúa Condomiña, sinalándose os problemas de filtracións á altura dos números 54 e 56.

O ámbito da actuación podería quedar limitado polo gasto máximo fixado, xa que hai un tramo do camiño no que tamén sería necesario cambiar a tubaxe de abastecemento ao ser ésta de fibrocemento. Deberá contar cos informes sectoriais correspondentes en función do ámbito de actuación.

4.-Carril bici.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Presentáronse dúas propostas nas que se solicita a creación dun carril bici, unha delas presentouse fora de prazo.

A proposta presentada en prazo consiste na execución dun carril bici pola periferia do núcleo urbano e principais avenidas do pobo, concretando as vías nas que se propón o trazado do mesmo (Av. Fraga Iribarne, Av. da Coruña, Malecón, Porto, Valdoncel, Av. Irmáns García Naveira, Av. Linares Rivas e Rua Ferradores).

Varias das rúas nas que se propón a execución do carril bici non son de titularidade municipal.

5.-Pista de salto de lonxitude e pista de lanzamentos.

A proposta deste investimento consiste na execución dunha pista de salto de lonxitude e una pista de lanzamentos para o club de atletismo de Betanzos. Non se concreta o emprazamento.

6.-Elevación de pasos de peóns e valado do Cantón Claudino Pita.

Propónse a elevación de pasos de peóns na Praza Irmáns García Naveira, Avda Jesús García Naveira e rúa Emilio Romay.

A proposta do investimento afecta a un tramo da N-VI de titularidade estatal.

7.-Mellora do campo de fútbol do Carregal.

A proposta presentada consiste na construción dun cerramento acristalado na zona superior do graderío, a instalación de banquetes homologados, a execución dun teito na entrada do campo, a reparación e pintado dos muros e portóns, ampliación das redes existentes, formigonado do perímetro do campo de fútbol e a construción de vestiarios femininos.

O obxecto do investimento referido correspóndese con actuacións sobre un ben de titularidade municipal. A actuación estaría limitada polo gasto máximo fixado.

8.-Mellora do Parque Infantil do Pasatempo.

O investimento propón a substitución de estruturas de xogos en mal estado. O investimento estaría condicionado pola contía do investimento e as autorizacións sectoriais correspondentes.

CUARTO. Procede neste intre publicar o resultado da votación das propostas na web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica informando da aceptación ou rexeite de cada proposta indicando o motivo.

Mellora do campo de fútbol de O Carregal	105
Mellora do Camiño da Veiga	73

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.netsede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>e-mail: correo@betanzos.net

Carril bici	42
Pista de salto de lonxitude e pista de lanzamentos	41
Mellora do Parque Infantil do Pasatempo	30
Saneamento na Condomiña	24
Creación espazo de exercicio físico “crossfit” “calistenia” cuberto na contorna do Paseo Ramón Beade	11
Elevación de pasos de peóns e valado do Cantón Claudino Pita	6
Calistenia velódromo	6
Calistenia	1
TOTAL	339

Logo do proceso, a proposta seleccionada é a **Mellora do campo de fútbol do Carregal.**

Unha vez elaborada a memoria técnica cuantificada, no caso de que esta actuación non cubrixe a totalidade do orzamento reservado (100.000 euros), o restante aplicaríase as seguintes propostas.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación e **ACORDO**:

PRIMEIRO. Publicar o resultado da valoración da viabilidade das propostas na web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Indicando que a proposta seleccionada é a **Mellora do campo de fútbol do Carregal.**

Unha vez elaborada a memoria técnica cuantificada, no caso de que esta actuación non cubrixe a totalidade do orzamento reservado (100.000 euros), o restante aplicaríase as seguintes propostas:

Mellora do campo de fútbol de O Carregal	105
Mellora do Camiño da Veiga	73
Carril bici	42
Pista de salto de lonxitude e pista de lanzamentos	41
Mellora do Parque Infantil do Pasatempo	30
Saneamento na Condomiña	24
Creación espazo de exercicio físico “crossfit” “calistenia” cuberto na contorna do Paseo Ramón Beade	11
Elevación de pasos de peóns e valado do Cantón Claudino Pita	6

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.netsede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>e-mail: correo@betanzos.net

Calistenia velódromo	6
Calistenia	1
TOTAL	339

SEGUNDO. Darlle traslado do presente acordo aos distintos servizos administrativos da Corporación e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Al alcaldesa presidenta
María Barral Varela

Secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

RECURSOS: Contra o referido acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, directamente, o recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente escrito. Igualmente poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da presente notificación, podendo utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente. O que traslado a Vd. para o seu coñecemento e efectos.

Betanzos, luns 29 de novembro de 2021.

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés